



LISTA DE ASISTENTES

Allegue Agüete, Pilar
Barreiro Blas, Antonio
Fernández Fernández, Federico A.
Gil Villanueva, José M^a
González Crespán, Araceli
González Pillado, Esther M^a
Macías Cambra, Enrique
Montero Muñoz, María

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 27 de novembro de dous mil seis ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda.

O luns, día **27 de novembro de 2006**, ás 12:10 horas, na Sala de Xuntas da Xerencia, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Substitución dos membros do Claustro Universitario que perderon a súa condición.
2. Interpretación de Regulamento sobre eleccións de alumnos a Consellos de Departamento.
3. Substitución de membro de Consello de Departamento de Dereito Público Especial e Comunicación Audiovisual e Publicidade que perdeu a súa condición.
4. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Substitución dos membros do Claustro Universitario que perderon a súa condición.

A Sra. Presidenta cede a palabra á Secretaria Xeral quen expón que, de acordo co establecido nos arts. 7.3 e 8 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro Universitario, a Mesa do Claustro comunicou á Comisión Electoral os membros que perderon a súa condición de claustrais para que se proceda á súa substitución.

Trátase de dous alumnos:

- Ferradás Carballo, Cristina, da Fac. De Filoloxía e Tradución
- Vales Alonso, Marta, da EU de Enxeñaría Técnica Industrial

Neste momento ningún dos dous está matriculado na nosa Universidade e, polo tanto, perde a súa condición de claustral.

Segundo o establecido no art. 12.4 do Regulamento para a elección de membros do Claustro Universitario da nosa Universidade, as baixas serán cubertas polos seguintes candidatos máis votados da circunscrición e sector polo que foi elixido o claustral que causou baixa.

De acordo con este criterio, as baixas serán cubertas polos seguintes alumnos:

- Na Fac. de Filoloxía e Tradución: Martínez Firmés, Mirian.
- Na E.U de Enxeñaría Industrial: Prats Expremáns, Óscar.

Apróbase por asentimento.

Debido á incomodidade de convocar á Comisión Electoral cada vez que exista unha baixa dun membro do Claustro, a Secretaria Xeral propón que na próxima convocatoria da mesma se incorpore como punto da orde do día a delegación da substitución automática dos membros cesantes na Secretaria Xeral como Secretaria da Comisión Electoral.

Intervén o Sr. Fernández para propor que se informe ós membros da Comisión Electoral das baixas e altas que se produzan, no caso de que se faga a substitución de forma automática pola Secretaria Xeral.

Acórdase, polo tanto, incorporar na próxima reunión un punto na orde do día relativo á delegación desta competencia na Secretaria Xeral.

Punto 2.- Interpretación de Regulamento sobre eleccións de alumnos a Consellos de Departamento.

Este punto está directamente relacionado co seguinte. En cuanto á súa incorporación á orde do día está provocado pola necesidade de substituír a un membro no Consello de Departamento de Dereito Público Especial e Comunicación Audiovisual e Publicidade que perdeu a súa condición.

A cuestión xurde debido á inexistencia de previsión expresa no Regulamento para a Elección de Representantes dos Estudantes nos Consellos de Departamento (aprobado pola Comisión Electoral con data 13 de febreiro de 2006) sobre o suposto de perda de condición dun membro electo nun Consello de Departamento.

A proposta que se fai é facer unha interpretación do Regulamento para a Elección de Representantes dos Estudantes nos Consellos de Departamento, aplicando por analoxía a previsión contida no Regulamento para a elección de membros do Claustro Universitario da nosa Universidade, en concreto no art. 12.4 cando sinala que as baixas serán cubertas polos seguintes candidatos máis votados da circunscrición e sector polo que foi elixido o claustral que causou baixa. Esta interpretación remitirase pola Secretaria Xeral a tódolos Centros e Departamentos para o seu coñecemento.

Apróbase por asentimento.

Punto 3.- Substitución de membro de Consello de Departamento de Dereito Público Especial e Comunicación Audiovisual e Publicidade que perdeu a súa condición.

De acordo coa interpretación feita no punto anterior, deberá entrar como membro do Consello de Departamento o seguinte máis votado.

Apróbase por asentimento.

Punto 4.- Rogos e preguntas.

Intervén o Sr. José M^a Gil para preguntar polo estado das eleccións na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. A Secretaria Xeral responde sinalando que as eleccións estiveron suspendidas cautelarmente como consecuencia da presentación dunha impugnación á composición do censo electoral. Neste momento e, una vez recabada a información necesaria, remitiuse resolución reitoral á decana da Facultade para que remita novo calendario electoral.

Debátase sobre o tema coa intervención da Secretaria Xeral, o Sr. Gil e o Sr. Fernández.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:30 horas do día 27 de novembro de 2006 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e prace da Presidenta da Comisión Electoral.

A Presidenta da Comisión Electoral

A Secretaria da Comisión Electoral

María Montero Muñoz

Esther M^a González Pillado